

As *Normas de Xestión Académica*, en aplicación do establecido no Real Decreto 1497/87, recollen que para os efectos da realización da libre configuración curricular que establecen os planos de estudo, os alumnos poderán cursar as materias que para tales efectos se establezan, asistir a seminarios ou realizar as actividades que determine a universidade.

O Consello de Goberno aprobou novas normas para o recoñecemento de actividades e estudos de idiomas como créditos de libre configuración, feitas públicas por Resolución Reitoral do 24 de xuño de 2005.

Vista a proposta de recoñecemento da actividade **"EDUTEC 2008. XI CONGRESO INTERNACIONAL SOBRE AS TECNOLOXÍAS DA INFORMACIÓN E A COMUNICACIÓN COMO PONTE ENTRE CULTURAS: IBEROAMÉRICA E EUROPA"** como créditos de libre configuración curricular e o informe da Comisión de Ordenación Académica e Profesorado de data 20 de maio de 2008 esta Reitoría adopta a seguinte

## RESOLUCIÓN,

### PRIMEIRO.- RECOÑECEMENTO DE ACTIVIDADES

Recoñécese a actividade **"EDUTEC 2008. XI CONGRESO INTERNACIONAL SOBRE AS TECNOLOXÍAS DA INFORMACIÓN E A COMUNICACIÓN COMO PONTE ENTRE CULTURAS: IBEROAMÉRICA E EUROPA"**, organizada polo Departamento de Didáctica e Organización Escolar da USC, que se vai realizar os días 1, 2, 3, 4 e 5 de setembro de 2008, para ser imputada como créditos de libre configuración curricular, cunha equivalencia de **1 crédito**.

### SEGUNDO.- TITULACIÓNS ÁS QUE SE PODE IMPUTAR

Os créditos de libre configuración que recoñece a presente Resolución poderanse imputar a todos os alumnos da Universidade de Santiago de Compostela.

### TERCEIRO.- RESPONSABLE ACADÉMICO

Os efectos do disposto na alínea 15 das Normas para o Recoñecemento de Actividades como Créditos de Libre Configuración (Resolución Reitoral do 24 de xuño de 2005), figurarán como responsablen académicas universitarias dona Carmen Fernández Morante e dona Beatriz Cebreiro López profesoras da Facultade de Ciencias da Educación.

### CUARTO.- CERTIFICACIÓN E INFORMACIÓN

A acreditación da actividade reflectirase mediante acta asinada polo responsable académico, que será enviada ó Servizo de Xestión Académica enviándoa este ás Unidades de Xestión Académica. Na citada acta, ademais da data desta resolución pola que se autoriza o recoñecemento, deberá indicar o código da actividade que será **2008/114**.

Para os efectos de información os alumnos deben dirixirse á Facultade de Ciencias da Educación (antigo edificio de Filosofía, despacho 78) Campus Sur, 15782 Santiago. Telf.: 647 344 906 ou 981 563 100, ext. 13806.

### QUINTO.-RECOÑECEMENTO.

Para o recoñecemento de créditos os alumnos presentarán o certificado na unidade de xestión académica onde se lles expuxera a vista o documento, o impreso de liquidación de prezos públicos. Aboados os prezos públicos o recoñecemento farase de plano e sen máis trámite.



Santiago de Compostela, 21 de maio de 2008

O REITOR

Senén Barro Ameneiro